17	3.4	FUNDACION RONSEL
18	3.5	AMIGA (Asociación Migrantes de Galicia)
19	3.5	AGAPA (Asociación Galega de Amputados)



CONVENIOS CON ENTIDADES

Nº	ENTIDADE	CONTIA 2025	OBXECTO
1	COCIÑA ECONOMICA DE SANTIAGO	70.000,00	PROGRAMA PARA GARANTIR AS NECESIDADES DE MANUTENCIÓN BÁSICA A PERSOAS SEN RECURSOS DA COCINA ECONÓMICA DE SANTIAGO.
2	ASOC ITINERA	9.000,00	PROGRAMA ÁGORA
3	ASOCIACIÓN FONTE DA VIRXE DE FAMILIARES E AMIGOS DOS ENFERMOS MENTAIS	5.000,00	PROGRAMA DE RESPIRO FAMILIAR PARA PERSOAS QUE PADEZAN UNHA ENFERMIDADE MENTAL
4	ASOC COMPOSTELANA DE ESCLEROSIS MULTIPLE ACEM	12.000,00	FISIOTERAPIA PARA PERSOAS CON ESCLEROSE MÚLTIPLE, PÁRKINSON E ELA
5	ASOC DE DANO CEREBRAL SARELA	8.000,00	ACTIVIDADES ACUÁTICAS E OUTRAS ACTIVIDADES DE AUTOCOIDADADO
6	ASOC DE LUCHA CONTRA ENFERMEDADES DEL RIÑÓN (ALCER)	5.000,00	ALCER 7 VIDAS. PROGRAMA DE SENSIBILIZACIÓN EN MATERIA DE DOAZÓN
7	ASOC DE PADRES DE PERSONAS CON DISCAPACIDAD INTELECTUAL ASPAS	6.000,00	PROGRAMA DE RESPIRO E/OU EMERXENCIA FAMILIAR
8	ASOC DE PERSONAS SORDAS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	10.000,00	SERVIZO DE INTERPRETACIÓN DE LINGUA DE SIGNOS E GUÍA INTÉRPRETE DE PERSOAS XORDOCEGAS
9	ASOC GALEGA PARA AXUDA DOS ENFERMOS CON DEMENCIA TIPO ALZHEIMER (AGADEA)	3.000,00	PROGRAMA GEA-GRUPO DE ENVELLECIMENTO ACTIVO. GRUPO I
10	BANCO DE ALIMENTOS DE SANTIAGO	5.000,00	PROGRAMA DE CAPTACIÓN, ALMACENAMENTO E DISTRIBUCIÓN DE ALIMENTOS
11	ASOC DE PAIS DE PERSOAS CON TRASTORNO DE ESPECTRO AUTISTA TEA (ASPANAES)	10.000,00	PROGRAMA DE INFORMACIÓN , ORIENTACIÓN, VALORACIÓN E APOIO FAMILIAR PARA PERSOAS CON TEA
12	CARITAS DIOCESANA DE SANTIAGO - PROGRAMA ATENCION PRIMARIA	120.000,00	1.PROGRAMA DE ATENCIÓN PRIMARIA . 2.PROGRAMA ALARES PARA PERSOAS SEN FOGAR: VIVENDAS DE TRANSICIÓN Á AUTONOMÍAPARA PERSOAS SEN FOGAR
13	CENTRO CULTURAL SOCIAL JUAN XXIII DE SANTIAGO - SERVIZO DE ALOXAMENTO E ACOLLIDA	60.000,00	MANTEMENTO DOS SERVIZOS DO ALBERGUE XOAN XXIII
14	CRUZ ROJA ESPAÑOLA	124.607,24	SEMUS COMPOSTELA (SERVIZO MUNICIPAL DE URXENCIAS SOCIAIS)
15	CRUZ ROJA ESPAÑOLA	100.000,00	TELEASISTENCIA E PROGRAMA DE ATENCIÓN A PERSOAS SEN FOGAR



CONVENIOS CON ENTIDADES

Nº	ENTIDADE	CONTIA 2025	OBXECTO
16	ESCUELA DE TIEMPO LIBRE DON BOSCO	5.000,00	PROXECTO DE INTERVENCIÓN EDUCATIVA NO TEMPO LIBRE: "UN LUGAR PARA TI"
17	FEAFES GALICIA FEDERACION DE ASOCIACIONES DE FAMILIARES E ENFERMOS MENTAIS DE GALICIA	60.000,00	PROGRAMA DE ATENCIÓN A PERSOAS CON ENFERMIDADE MENTAL CRÓNICA E PERSOAS SEN FOGAR OU EN GRAVE RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL
18	FUNDACION ANDREA DE APOYO A LOS NIÑOS CON ENFERMEDADES DE LARGA DURACION, CRONICAS O TERMINALES	3.000,00	TRATAMENTO PSICOTERAPÉUTICO PARA AS FAMILIAS CON FILLOS/AS CON ENFERMEDADES DE LONGA DURACIÓN, CRÓNICAS OU TERMINAIS
19	FUNDACION DOWN COMPOSTELA	15.000,00	PROXECTO DE VIDA INDEPENDIENTE: "ISTO É VIDA"
20	FUNDACION MONTE DO GOZO - PROGRAMA PROXECTO HOME	45.000,00	PROGRAMA COCAÍNA
21	FUNDACION SECRETARIADO GITANO	27.000,00	PROGRAMA DE INCLUSIÓN PROMOCIONA
22	ILUSTRE COLEGIO DE ABOGADOS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	2.000,00	QUENDA DE PROFESIONAIS DA AVOGACÍA PARA PRESTAR ASISTENCIA E ASESORAMENTO XURÍDICO NA VÍA PREVIA ADMINISTRATIVA E LABORAL
23	UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA - BUCODENTAL	20.000,00	PROGRAMA DE ATENCIÓN BUCODENTAL A PERSOAS EN RISCO DE EXCLUSIÓN
24	ASOCIACIÓN GALEGA DE ASPERGER (ASPERGA)	10.000,00	PROGRAMA DE ORIENTACIÓN E DE PRIMEIRA CONSULTA
25	ASOCIACIÓN VECIÑAL POLIGONO DE VITE	37.000,00	PROGRAMA DO PLAN COMUNITARIO DE VITE
	SUBVENCIONS NOMINATIVAS SSOCIAIS 2025	771.607,24	



ASESORIA XURÍDICA

CONCEPTO		
ALEGACIONES		3
BORRADOR CONVENIO DE COLABORACION CON ENTIDADES SOCIAIS		3
BORRADOR CONVENIO DE SEPARACION/DIVORCIO		0
CONTESTACION MONITORIOS		1
CONVENIO DE COLABORACION CON ENTIDADES SOCIAIS		19
INFORME FISCALIZACION DA XUSTIFICACION DE CONVENIOS		10
INFORME PARA VALORACION DE SITUACION SOCIAL PARA EXENCION TAXAS		3
INFORME-PROPOSTA APROBACION CONVENIOS CON ENTIDADES		32
INFORME-PROPOSTA APROBACION XUSTIFICACION CONVENIOS CON ENTIDADES		18
INFORME-PROPOSTA PARA CONCESION DE NOVOS ESPAZOS EN CABES		0
INFORME-PROPOSTA DE RENOVACION DE ESPAZOS EN CABES		0
INFORME-PROPOSTA DE VALORACION DE INTERESE SOCIAL DE CESION DE ESPAZOS		0
INFORME XURIDICO		146
RECLAMACION PREVIA		22
RECURSO DE ALZADA		12
RECURSO DE REVISION		3
REDACCION DE ORDENANZA MUNICIPAL / BASES		0
SOLICITUDE DE ASISTENCIA XURIDICA GRATUITA		13
OUTROS		0
SOLICITUDE DE FRACCIONAMENTO E DE ACORDOS DE PAGO		12

Fonte: Datos facilitados polo servizo de Asesoría Xurídica, ano 2025.



CONSELLO DAS PERSOAS MAIORES

CONSELLO DE PERSOAS MAIORES

Data da sesión	Observación	Entidades asistentes
1ª Sesión Ordinaria	<p>Orde do día</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Aprobación da acta da sesión anterior (inclúese como documento anexo) 2. Dación de contas das accións realizadas por parte do Concello de Santiago (Programa Xantar na Casa, Análise da situación do colectivo das persoas maiores e plan de acción, etc.) 3. Presentación e debate do informe de avaliación do Consello de Persoas Maiores 4. Información sobre o proxecto Sempre Perto, da Asociación Teléfono de la Esperanza 5. Debate e aprobación sobre as propostas achegadas pola Plataforma de Pensionistas de Compostela 6. Posta en común das entidades participantes 7. Peche da sesión 	<p>14 Asistentes</p> <ul style="list-style-type: none"> • Asociación Teléfono de la Esperanza • Grupo Municipal do BNG • Cruz Vermella Española • AGADEA • Plataforma de Pensionistas de Compostela • FERUSA • Asociación Compostela Solidaria • Cáritas Interparroquial Santiago • Grupo Municipal PSOE • Sindicato UGT do Concello de Santiago de Compostela • ATEGAL • ASSANA • SOS Sanidade Pública de Compostela • Grupo Municipal Popular
Sesión extraordinaria	<p>Orde do día</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Aprobación da acta da sesión anterior 2. Dinámica participativa conducida por DELOGA 3. Constitución e temáticas das comisións de traballo 4. Identificación de entidades a incorporar 5. Funcionamento interno das comisións 6. Propostas transversais e coordinación co Consello de Saúde 7. Peche da sesión 	<p>11 Asistentes</p> <ul style="list-style-type: none"> • ALCER • Fundación Down Compostela • Grupo Municipal do BNG • Cruz Vermella Española • AGADEA • Compostela Solidaria • Cáritas Interparroquial Santiago • Grupo Municipal PSOE • ASSANA • SOS Sanidade Pública de Compostela • Grupo Municipal Popular
2ª Sesión Ordinaria	<p>Orde do día</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Aprobación da acta da sesión anterior (documento anexo) 2. Información da Presidencia do Consello de Persoas Maiores do Concello de Santiago 3. Conformación das Comisións de Traballo do Consello de Persoas Maiores do Concello de Santiago 4. Presentación y votación de adhesión de entidades a este Consello 5. Puntos presentados pola Plataforma de Pensionistas <p>5.1. Petición de informe. 5.2. Solicitud de mellora de accesibilidade en edificios públicos e privados. 5.3. Situación actual da incorporación do Concello de Santiago á rede de Cidades Amigables coas Persoas Maiores.</p>	<p>11 Asistentes</p> <ul style="list-style-type: none"> • ALCER • Fundación Down Compostela • Cruz Vermella Española • AGADEA • FERUSA • Cáritas Interparroquial Santiago • Grupo Municipal PSOE • Plataforma de Pensionistas de Compostela • Partido Popular • Asociación Cultural Galega de Formación Permanente de Adultos (ATEGAL) • Grupo Municipal PSOE



	<p>5.4. Mantemento e dotación de bancos e papeteiras en todas as zonas e rutas verdes urbanas ou rurais do concello.</p> <p>5.5. Información sobre a presenza do Concello de Santiago na xuntanza do 9 de setembro convocada pola FEGAMP relativa á elaboración dun Protocolo de seguridade para o persoal do SAF e posible valoración da mesma.</p> <p>6. Propostas e varios</p> <p>7. Peche da sesión</p>
--	---

OS SERVIZOS SOCIAIS EN CIFRAS

1.- EN PRIMEIRA LIÑA, ATENDENDO Á VECIÑANZA.

- 19.944 veciñas e veciños de Compostela requiriron da intervención dos Servizos Sociais Municipais ao longo do ano 2025; isto equivale, nin mais nin menos, preto do **20 % da poboación de dereito do noso municipio**. Supérase xa as ratios de cobertura básica e éntrase nos intervalos de "COBERTURA ÓPTIMA" (que abrangue entre o 20 e o 25 % da poboación), o que significa atendendo aos stándares actuais recomendables que se está chegando aos grupos poboacionais con necesidades específicas, como persoas maiores, persoas con discapacidade ou con situacións de dependencia, familiares con menores en situación de risco social ou persoas en situacións de exclusión social.
- Mantemento de consultas por **vía telemática**, ascendendo neste ano a 1.511
- A **atención presencial foi maioritaria** no Departamento municipal de Servizos Sociais, combinándoa coa atención telefónica e coa atención telemática (estas dúas modalidades introducidas no ano 2020, pero que viñeron para quedarse como modo de atención). A esa atención presencial realizada en dependencias municipais se lle debe engadir coa inherente á realizada en **visitas domiciliarias**. O número de visitas domiciliarias realizadas ascendeu no ano 2025 a 2.727. Cómpre indicar que houbo un incremento con respecto á realización das visitas domiciliarias, non tanto no nivel básico (PASS), como si en programas concretos, como é o caso da atención ás persoas sen fogar como no de axuda no fogar.

Preto do 20 % da veciñanza de Compostela foron persoas usuarias dos Servizos Sociais

Atención presencial, telefónica e telemática

Achegamento á realidade social: incremento de visitas domiciliarias

- ♿ Mención específica se debe realizar á **colaboración deste servizo con instancias xudiciais**. Ao longo do ano 2025 **se realizaron un total de 301 informes técnicos**. As cuestións polas cales se remitiron estes informes foron basicamente as seguintes: internamentos non voluntarios en centros asistenciais, internamentos non voluntarios en centro sanitario, valoración de medidas de apoio ás persoas con discapacidade, garda e custodia de persoas menores de idade e desafiuzamentos. Incluso se realizaron acompañamentos das persoas usuarias ás dependencias xudiciais ao longo do ano.
- ♿ Queda evidenciada a realidade de que **a veciñanza de Compostela coñece a labor realizada dende os Servizos Sociais** e requiren da súa intervención.
- ♿ O perfil das persoas usuarias dos Servizos Sociais Comunitarios mudou considerablemente nos últimos anos; **calquera persoa residente no municipio de Santiago de Compostela pode ser susceptible de precisar unha intervención social** para o desenvolvemento da vida diaria.

Avanzando na intervención social: coordinación con instancias xudiciais

A labor dos Servizos Sociais: cada vez mais coñecida pola veciñanza

Non hai perfil determinado de persoa usuaria dos Servizos Sociais

No ano 2025, Compostela seguiu a implementar o servizo de atención ás urxencias sociais, porque as emerxencias non entenden nin de horarios, nin de días, nin de tempos. Falamos, nin mais nin menos, do **SEMUS Compostela**, froito da colaboración con Cruz Vermella e con financiación da Deputación Provincial de A Coruña. Entre os datos de xestión e de intervención neste ano podemos resaltar os seguintes:

- 🚗 **Rutas de atención ás persoas sen fogar:** realización de rutas semanais (entre xuño e setembro dúas semanais; o resto do ano tres semanais) para localización de persoas sen fogar, inicio de intervención, seguimento de persoas usuarias, traslado de información aos usuarios que nos fan chegar dende Servizos Sociais ou Cruz Vermella.

Número de rutas realizadas: 149. Media de persoas en rúa localizadas cada noite: 27

Recursos entregados: Packs alimentos e bebidas: 6.842 Packs de abrigo: 956

Sacos: 275

- 🚗 **Dispositivo por climatoloxía adversa:** Dende o 1 de xaneiro do 2025 ata o 31 de decembro, realizáronse un total de **9 activacións** por climatoloxía adversa, por frío ou por choiva.

**SEMUS
COMPOSTELA:**
servizo que atende
urxencias sociais,
fóra do horario
ordinario dos
Servizos Sociais

Importante labor
realizada coas en
persoas sen fogar,
en coordinación cos
Servizos Sociais

Achegamento á
realidade social:
dispositivo por
climatoloxía adversa

Activacións en urxencias sociais: realizáronse 197 activacións para dar resposta a situacións de emerxencia dos seguintes colectivos:

- ♣ 7 para atención a familias ante diversos problemas de urxencia (solicitantes de protección internacional, apoios con diversos tipos de xestións...)
- ♣ 95 para atención á persoas maiores, tanto para realizar apoios en mobilización tras caídas en domicilios como para outro tipo de urxencias (persoas desorientadas, persoas que non responden ás chamadas, que necesitan apoio para algún tipo de xestión...).
- ♣ 11 mulleres vítimas de violencia de xénero ou sexual.
- ♣ 78 persoas sen fogar
- ♣ E as restantes por problemas diversos: crises familiares/comunitarias por problemas de saúde mental, necesidade puntual, etc.

Entidades que realizan a activación: A activacións foron realizadas por Policía Local, Policía Nacional, 112, 061, a propia Cruz Vermella, os Servizos Sociais do Concello e mesmo, por particulares.

**SEMUS
COMPOSTELA:**
servizo que atende
urxencias sociais,
fóra do horario
ordinario dos
Servizos Sociais

Intervención
inmediata en
urxencias sociais

Traballo en rede con
outros servizos
públicos e
entidades sociais

2.- MÁXIMA PREOCUPACIÓN!: A COBERTURA DAS NECESIDADES BÁSICAS.

- ☺ **Ao longo do ano 2025**, 723 persoas se beneficiaron das Axudas de Inclusión Social
- ☺ Neste ano, o **número de RISGAS repuntou lixeiramente**; aínda así 332 **persoas de Compostela cubriron as súas necesidades básicas con esta prestación.**
- ☺ Tamén no 2025, o número de prestacións da **Ordenanza de garantía básica** se incrementaron; 231 persoas cubriron as súas necesidades básicas con estas prestacións municipais.
- ☺ Os anos anteriores viñeron a evidenciar que este concello debía seguir con **programas propios de emerxencia social**, realizando por si mesmo compras de produtos de primeira necesidades a persoas en situación de urxencia social. 235 persoas se beneficiaron deste recurso.
- ☺ No que se refire ás **bolsas municipais para comedor escolar**, actividades extraescolares e material escolar, indicar que nese ano se tramitaron un total de 1.352 expedientes, o que se traduce en indicar que se facilitaron bolsas de comedor, na modalidade de escaseza de recursos, a **793 menores de idade e a 272, na modalidade de conciliación.**
- ☺ Vemos que non se están a producir tanto situacións de pobreza absoluta (pola existencia de diversa tipoloxía de recursos económicos) como sí de pobreza relativa, con insuficiencia de recursos para dar cobertura a necesidades básicas, de aí a espectacular subida dos expedientes de bolsas municipais.

Actuar, cando é preciso!

Ás veces, cómpre seguir sendo asistencialistas

As necesidades das persoas, no centro de intervención social

3.- AS NOSAS NENAS E OS NOSOS NENOS NOS IMPORTAN.

- Este departamento amosou máxima preocupación polas nenas e nenos pertencentes a familias en situación de risco social. Así, **793 menores foron beneficiarios de bolsas de comedor escolar pola modalidade de escaseza de recursos e 272, dentro da modalidade de conciliación.**
- 601 menores** solicitaron a súa participación en **actividades** extraescolares, séndolle concedida a correspondente bolsa municipal.
- 272 menores** recibiron apoio económico para a adquisición de **material escolar**, co fin de garantir a escolarización nas mesmas condicións que os seus compañeiros.
- O concello de Santiago de Compostela **dou un paso adiante** na protección dos mais novos, en especial daqueles nos que concorren **necesidades de atención específica**, establecendo unha **nova liña de bolsas para sufragar estes conceptos**. Adicouse un **orçamento de 70.000 €**, que se comprometeu na súa totalidade, con **59 persoas menores atendidas**. A maior demanda se situou na intervención terapéutica en trastornos da aprendizaxe e en trastornos da linguaxe, sendo os restantes conceptos minoritarios.
- Durante o ano 2025, **75 menores** foron valorados polo equipo de educadoras dos Servizos Sociais como que vivían en **situación de risco social** por diferentes causas, tendo que intervir cos mesmos e mesmo formalizar un proxecto de intervención socioeducativo; mantiveron un seguimento da súa situación de 322 menores e realizaron 338 consultas puntuais. A intervención por apertura de protocolos de absentismo escolar ascenderon a 15 casos. **19 menores se atopaban en situación de desamparo e foron tutelados pola Administración Pública (Xunta de Galicia).**

Consolidación do programa de bolsas sociais: 1.100.000 adicados a este programa.

Nova liña de prestacións: bolsas para atender necesidades específicas.

Intervención socioeducativa en situacións de risco

Actuación coordinada coa Xunta de Galicia para a protección de persoas menores de idade

- 👤 No ano 2025, prestouse **apoio psicolóxico e emocional a 101 persoas menores** de idade.
- 👤 Tamén no mesmo ano se deron pasos previos que se encamiñan á constitución nun futuro do Consello de Infancia e se evidenciou do grao de preocupación que teñen os profesionais de diversos ámbitos pola saúde mental na adolescencia, organizándose unha acción formativa específica nesta materia dende a rede comunitaria das Fontiñas e sufragada integramente por este concello.

4.- OS SERVIZOS SOCIAIS PREOCUPADOS POLAS PERSOAS MAIORES: AO TEU CARÓN!

- 👤 Máxima preocupación polo benestar das persoas **maiores** e, especialmente, aqueles **que vivían sós**.
- 👤 Durante o ano 2025, dende o Departamento municipal de Servizos Sociais houbo que intervir en **88 casos de situacións de emerxencia social** que afectaban a persoas maiores deste municipio, dos cales 13 presentaban situacións compatibles do Síndrome de Díoxenes.
- 👤 Atendéronse un total de **808 persoas no Servizo de Axuda no Fogar** (a primeira vez en toda a historia do servizo de ter unha cifra tan elevada), desglosándose en **625** persoas na modalidade de “**dependencia**” e **183** persoas na modalidade de “**libre concorrencia**”.
- 👤 Prestáronse un total de **203.564,43 horas de atención** ao longo do ano 2025.
- 👤 O gasto en SAF ascendeu a 4.807.866,15 €; queda como reto a curto prazo axilizar en tempos as altas efectivas no servizo e os incrementos horarios.

OS SERVIZOS SOCIAIS EN CIFRAS

- ☺ Ao longo do ano 2025, **mais de 200 profesionais** estiveron desenvolvendo a súa labor dentro do Servizo de Axuda no Fogar. Polo tanto, realízase unha triplo atención social: a prestación de coidados a quen mais o precisa, o apoio aos seus familiares e o fomento do emprego.
- ☺ E, como é necesario traballar coas emocións, a dinámica relacional cos grupos de iguais e o ocio e tempo de lecer, realizáronse con saídas e realización de actividades coas persoas maiores do Servizo de Axuda no Fogar.
- ☺ **109 persoas maiores** foron beneficiarias (directas ou indirectas) o **servizo de teleasistencia** domiciliaria dentro do convenio de colaboración do concello de Santiago asinado con Cruz Vermella. **Dentro do programa de teleasistencia domiciliaria, detectáronse ao longo do ano 2025, 48 incidencias graves no domicilio, nas que houbo que intervir de urxencia.**
- ☺ **Indicar que en determinados casos, a maiores da teleasistencia, teñen instalados detectores de caídas (15 casos), detectores de gas (10 casos), detector de fume (13 caso) e de presenza (1 caso).**
- ☺ Comezouse con éxito coa implementación do servizo **Xantar na Casa** (froito do convenio que este concello ten asinado coa Xunta de Galicia; prazas conveniadas ao mes: 60). Ao longo do ano, 92 persoas optaron a este servizo; remátase o ano con 49 persoas en lista de agarda.
- ☺ Durante este ano déronse pasos para o deseño da futura Casa do Maior (que se situará no Ensanche compostelán), realizouse un estudo sobre a realidade e as necesidades das persoas maiores (cun enfoque participativo) e seguiuuse co funcionamento do Consello Municipal de Persoas Miores.

O SAF: apoia ás persoas, apoia ás familias e xera emprego

A tecnoloxía ao servizo da atención social: a teleasistencia e os dispositivos complementarios

Novo servizo: o xantar na casa

Pensando na casa das persoas maiores

- ♿ E non quedando aquí, e preocupados pola protección das persoas, case ao remate do ano o concello puxo en marcha un novo servizo: **o servizo municipal de atención inmediata (SMAI)**, que actúa ante casos de emerxencia non sanitaria: apoio en mobilizacións derivadas de caídas e traslados a centros residenciais, en casos de emerxencia social.

5.- MÁXIMA ATENCIÓN ás PERSOAS EN SITUACIÓN DE EXCLUSIÓN SOCIAL: A PROXIMIDADE COAS PERSOAS QUE PERNOCTAN NA RÚA OU CON AQUELAS AFECTADAS POR GRAVES FACTORES DE VULNERABILIDADE SOCIAL.

- ♿ **401 persoas foron detectadas pernoctando nalgún momento nas rúas de Compostela** ao longo do ano 2025 pola profesional do Programa municipal de apoio á inclusión das persoas sen fogar. Maioritariamente se trata de homes, cun **promedio de idade de 48,25 anos** e de nacionalidade española (56,11 %). Dentro da problemática que presentan, destaca a de indicios de condutas adictivas que soe ter a maiores, outras problemáticas de saúde engadidas, sobre todo no eido da saúde mental. Na inmensa maioría dos casos, non hai menores pernoctando na rúa. Despois da intervención social realizada, acádase a **alternativa residencial nun 44,39 %** dos casos e a **obtención de recursos económicos propios nun 65,34 %**.
- ♿ **As catro vivendas de transición de titularidade municipal estiveron ocupadas ao longo do ano 2025**, existindo un estreito seguimento das mesmas por parte da traballadora social do Programa municipal de apoio á inclusión das persoas sen fogar.

Novidade: o servizo municipal de atención inmediata (SMAI)

As persoas sen fogar, no centro!

Importante labor profesional na detección destas situacións

A colaboración da veciñanza, clave para a detección

Ocupación da totalidade de vivendas municipais de transición

- ♣ Deseño, elaboración e aprobación do **Plan municipal de abordaxe do senfogarismo**. Inicio dos **trámites administrativos para a apertura no ano 2026, dun centro de titularidade municipal, de transición para as persoas sen fogar**.
- ♣ Fora da situación das persoas senfogarismo, pero moi preto dela, destácase o incremento dos **casos de desafiuzamento, sendo detectados 61**, polo programa municipal de inclusión social, ao longo do ano 2025. A problemática de vivenda no termo municipal de Santiago de Compostela se atisba como unha situación carencial de primeira orde, á que a Administración Autonómica (a través do Instituto Galego de Vivenda e Solo, como organismo con competencias propias na materia), debe facer fronte.
- ♣ Dende o devandito programa, recibiron **apoio psicolóxico 69 persoas** e tamén participaron na Escola de Segunda Oportunidade para a preparación do graduado en ESO.
- ♣ Igualmente, dentro do programa de inclusión social, indicar que ao longo do ano 2025, **65 persoas acadaron a inserción no mercado laboral**, deixando de depender de sistemas públicos de protección socioeconómica.

6.- O APOIO ÁS ENTIDADES DE INICIATIVA SOCIAL.

- ♣ A labor dos Servizos Sociais tamén se encamiña no apoio ás entidades de iniciativa social da cidade. **19 delas utilizan espazos cedidos gratuitamente en CABES**.
- ♣ Igualmente, **o concello de Santiago de Compostela comprometeu a cantidade de 771.607,24 € para asinar convenios** de colaboración con 24 entidades. É unha forma de amosar o compromiso de seguir apoiando á veciñanza de xeito indirecto; é dicir, reciben o apoio de entidades, que en moitos casos está sufragado polo propio concello.

Camiñando na intervención coas persoas sen fogar: plan de abordaxe do senfogarismo e centro de transición de titularidade municipal


A intervención nos desafiuzamentos: mais de 60 familias atendidas

O emocional: clave para a inclusión social. Preto de 70 persoas utilizaron este programa

65 persoas se integran no mercado laboral: apostando pola autonomía!

O concello de Santiago reconece e apoia ao tercer sector

7.- A LABOR PROFESIONAL TRADÚCESE EN CIFRAS ECONÓMICAS.



A labor dos
Servizos Sociais
Comunitarios
tamén incide na
economía circular
do municipio

A lectura dos recursos económicos xerados á veciñanza de Santiago de Compostela non se pode facer exclusivamente dende a óptica de cubrir necesidades básicas ás persoas que mais o precisan (que xa de por sí, é importante), senón que con esta labor o Departamento municipal de Servizos Sociais **contribúe á economía circular da cidade**, dado que eses cartos xerados son invertidos polas propias veciñas e veciños de Compostela no sector servizos do municipio.



A todo o equipo municipal de Servizos Sociais, ao equipo do SAF, ao equipo do SEMUS, ás entidades que sumaron esforzos.... GRAZAS!!!!.

Todas e todos vós, todas e todos nós..., constituímos o Departamento municipal de Servizos Sociais de Compostela

Con la **accion social** no podemos cambiar el **mundo**, pero **sí cambiar** el **mundo** de muchas personas



2022

SÍNTESE DO DOCUMENTO DE MEMORIA DE XESTIÓN

OS SERVIZOS SOCIAIS EN SANTIAGO DE COMPOSTELA

